



O PRESIDENTE " sobre o futuro;

2025 foi un ano especialmente significativo, marcado pola celebración do 25 aniversario e pola inminente apertura da nova sede que reforzará a noso compromiso co futuro"

PÁXINA 2

A NOSA HISTORIA

Dano Cerebral A Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro que nace no ano 2000, da man dun grupo de persoas afectadas por DCA.

PÁXINA 3

TRABALLO EN REDE

A nivel galego forma parte de Dano Cerebral Galicia composta polas 5 asociacións de atención ao Dano Cerebral que hai en Galicia.

PÁXINA 6



PÁXINA 4 | MODALIDADES DE ATENCIÓN

DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO



Con motivo do Día nacional do dano cerebral, fixemos unha xornada de sensibilización, participación e encontro cidadán para dar visibilidade ao dano cerebral, compartir experiencias e avanzar cara a unha sociedade máis inclusiva e comprometida.

AVANCES DO NOVO CENTRO



PÁXINAS 8-9

Un paso decisivo cara ao futuro: un novo centro que abrirá as súas portas para mellorar a atención, a autonomía e a calidade de vida das persoas con dano cerebral e das súas familias.

25 ANIVERSARIO

Un encontro simbólico e participativo para celebrar 25 anos de traxectoria, poñendo en valor o camiño compartido e a forza dunha comunidade comprometida



A Xunta Directiva é o órgano encargado de definir a estratexia e velar polo cumprimento da nosa misión.

A Xunta leva a cabo o seguimento da estratexia que debe seguir a asociación establece os obxectivos e toma as decisións necesarias para que se cumpran.

Este órgano reúnese periódicamente coa dirección do centro. A partir deste intre, o equipo profesional é coñecedor das prioridades, tanto estratéxicas como operativas, cara ás que canalizar os seus esforzos e actividades diarias.

PRESIDENTE

Juan Luis Delgado Fernández

VICEPRESIDENTA

Luisa Ramírez Nisa

SECRETARIA

María Goretti Calvo Martínez

TESOUREIRA

Manuela Candal Garaboa

VOGAIS

María Eugenia Regueiro Caaveiro

Juan José Rodríguez Salgado

Jesús Couto Álvarez

SOCIOS, FAMILIARES E COLABORADORES

No ano 2025 Dano Cerebral A Coruña contou con 564 socios dos cales 349 son persoas afectadas por DCA, 157 son familiares, 45 colaboradores e 13 son empresas.

USUARIOS

Foron 234 o número de usuarios por atención ambulatoria, 36 en modalidade de centro de día e 1 usuario en Terapias Intensivas.

“

A ASOCIACIÓN DANO CEREBRAL A CORUÑA PRESENTA A SÚA MEMORIA ANUAL NUN ANO ESPECIALMENTE SIGNIFICATIVO, MARCADO POLA CELEBRACIÓN DO SEU 25 ANIVERSARIO E POLA INMINENTE APERTURA DUNHA NOVA SEDE QUE REFORZARÁ O SEU COMPROMISO CO FUTURO.”



Estimados socios e socias, familiares e profesionais:

É un pracer dirixirme a vós con motivo da presentación da memoria anual da nosa asociación, Dano Cerebral A Coruña, un documento que recolle o traballo, o compromiso e os logros acadados ao longo do último ano.

Este foi un período especialmente significativo para todos nós. Non só continuamos desenvolvendo as nosas actividades e proxectos coa ilusión e dedicación que nos caracteriza, senón que ademais tivemos a oportunidade de celebrar un fito moi especial: o 25 aniversario da nosa asociación. Este aniversario foi unha ocasión para mirar atrás con orgullo, lembrando os nosos comezos, e para recoñecer o esforzo de todas as persoas que, ao longo destes anos, contribuíron a facer posible este proxecto colectivo.

A conmemoración destes 25 anos non só serviu para celebrar o conseguido, senón tamén para reforzar o noso compromiso co futuro. Neste sentido, queremos compartir con vós unha nova especialmente relevante: a próxima finalización das obras da nosa nova sede. Este proxecto, largamente agardado, está a piques de converterse nunha realidade tanxible que marcará un antes e un despois na historia da asociación.

A nova sede foi concibida como un espazo moderno, accesible e multifuncional, pensado para dar resposta ás necesidades actuais e futuras da nosa entidade. Ademais, prestouse especial atención a criterios de sustentabilidade e eficiencia enerxética, co obxectivo de reducir o noso impacto ambiental e optimizar os recursos dispoñibles.

Somos conscientes de que este logro foi posible grazas ao esforzo conxunto de moitas persoas e institucións: desde quen impulsaron a idea nos seus inicios, ata quen traballaron activamente no seu desenvolvemento e financiamento. A todos eles queremos expresar o noso máis sincero agradecemento.

Nos próximos meses irémosvos informando sobre a data de inauguración e as actividades previstas para celebrar a apertura deste novo espazo, que agardamos poder compartir con todos vós.

Queremos agradecer sinceramente a vosa confianza, participación e apoio constante. Sen vós, nada disto sería posible. Animámosvos a seguir formando parte activa desta asociación, contribuíndo coas vosas ideas, o voso tempo e o voso entusiasmo.

Coa mirada posta no futuro, afrontamos os vindeiros retos con enerxía renovada e a firme vontade de seguir traballando polos valores que nos unen.

DANO CEREBRAL A CORUÑA

O Dano Cerebral Adquirido (DCA) é unha lesión repentina no cerebro. Caracterízase pola súa aparición brusca e polas secuelas que presenta, segundo a área do cerebro lesionada e a gravidade do dano. Esta lesión pode ser provocada por: Un ICTUS (accidente cerebrovascular) un TUMOR, ANOXIA (falta de osíxeno no cerebro) ou outras enfermidades. Cando se produce un dano cerebral, xeralmente hai un cambio repentino do estado de consciencia, cuxa gravidade e duración é variable. Pode ir desde unha confusión mínima en tempo e contido, ata un estado de coma profundo ou vexetativo persistente nos casos mais graves. O que sempre se produce é unha alteración das funcións cerebrais, podendo causar perturbacións na vida cotiá, a nivel persoal, familiar, académico social, profesional etc., causando tamén importantes secuelas no plano cognitivo, psicolóxico, físico, sensorial ou funcional.



A NOSA HISTORIA

Dano Cerebral A Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro que nace no ano 2000, da man dun grupo de persoas que buscaban recursos para os seus familiares, persoas afectadas por DCA, xa que o sector público non cubría as necesidades do colectivo.

MISIÓN, VISIÓN E VALORES

A NOSA MISIÓN

Traballar por e para as persoas afectadas de dano cerebral adquirido e para as súas familias, contribuíndo a mellorar a súa calidade de vida a través dunha atención interdisciplinar.

A NOSA VISIÓN.

Queremos mellorar a túa calidade de vida e a da túa familia. Para iso pretendemos ser a entidade sociosanitaria de referencia especializada en Dano Cerebral Adquirido na Coruña e a súa área de influencia sanitaria.

OS NOSOS VALORES.

COMPROMISO, porque traballamos para satisfacer as túas necesidades.

EMPATÍA, porque nos poñemos no teu lugar para saber o que necesitas.

ESPECIALIZACIÓN, porque os nosos profesionais están continuamente formándose en DCA .

DIGNIDADE, porque cremos que unha vida salvada merece ser vivida dignamente.

ATENCIÓN AMBULATORIA

Atención integral ás persoas afectadas por DCA e as súas familias que combina e integra multitude de disciplinas, ofrecendo un tratamento rehabilitador, actividades complementarias, lecer e tempo libre. Durante o ano 2025 tivemos as seguintes terapias rehabilitadoras:

- **FISIOTERAPIA NEUROLÓXICA**
- **TERAPIA OCUPACIONAL**
- **PSICOLOXÍA SANITARIA**
- **LOGOPEDIA**
- **TERAPIAS INTENSIVAS EN NEURORREHABILITACIÓN**

CENTRO DE DÍA

Levamos ofrecendo este servizo desde o 24 de maio de 2010, ofrecendo un tratamento rehabilitador, actividades complementarias, lecer terapéutico, estimulación socioafectiva, de relación social, de respiro familiar, en modalidade de estancia diúrna. As persoas que reciben atención no Centro de Día asisten de maneira continuada ou tamén en días soltos e conta con servizo de comedor para aqueles que así o desexen.

Durante o ano 2025, beneficiáronse do noso centro de día 36 persoas, das cales 16 foron homes e 20 mulleres. A media de idade foi de 70 anos

SERVIZOS

TRABALLO SOCIAL



O traballo social é a entrada na Asociación e ademais, é clave porque desde aquí acompáñase aos familiares das persoas afectadas en todo momento.

NEUROPSICOLOXÍA



É a área da psicoloxía que estuda a relación entre os procesos mentais e conductules do cerebro. Desde este servizo faise unha avaliación onde se analizan as funcións mentais

Durante o 2025, foron atendidas 232 familias distintas, 92 primeiras entrevistas. A causa principal foi o Ictus.

Dentro da área de neuropsicoloxía foron 146 as persoas atendidas das cales 58 foron mulleres e 88 homes"

TERAPIA OCUPACIONAL



É unha disciplina que persegue conseguir o maior grao de independencia funcional e automomía de cada usuario/a e así mellorar a súa calidade de vida e a da súa familia.

En primeiro lugar realízase unha avaliación funcional na que se identifican as capacidades e dificultades que ten a persoa para interactuar coa contorna de forma autónoma. Tamén levan a cabo sesións de Psicomotricidade, o obxectivo é favorecer o desenvolvemento de **habilidades motrices** (mobilidade, coordinación...) **cognitivas** (memoria, atención) **perceptivas** (esquema corporal,..) e/o **sociais**; através do movemento e o xogo.


TERAPIAS INTENSIVAS



Este programa leva a cabo desde a áreas de fisioterapia e terapia ocupacional. Consiste nun tratamento de alta intensidade, no que condensan un gran número de horas nun curto período de tempo.

O obxectivo principal é mellorar a funcionalidade e aumentar ao máximo a calidade de vida das persoas con DCA. O protocolo estándar de intervención consiste en 6 horas diarias de tratamento durante 10 días consecutivos, aínda que esta frecuencia pode variar para adaptarse ás características específicas de cada persoa. Para darlle maior riqueza ao tratamento desenvólvese en diferentes ambientes, (no domicilio da persoa afectada, na súa contorna e nas salas da Asociación)

LOGOPEDIA



A logopedia céntrase no tratamento de trastornos do fala e linguaxe, xunto cos problemas de deglución. En persoas con DCA as principais áreas de traballo son a avaliación e rehabilitación da disfagia, disfonía, disartria, afasia e os trastornos pragmáticos da comunicación

FISIOTERAPIA



A fisioterapia neurolóxica é un tipo de rehabilitación funcional que busca minimizar os déficits de cada usuario, así como facilitar a súa reintegración biopsicosocial

TRANSPORTE



O servizo de transporte adaptado está destinado a ofrecer unha alternativa para as persoas usuarias que non poden desprazarse ao centro de ADACECO de formas autónoma.

126
persoas foron
atendidas durante o
ano 2025, 70 homes e
56 foron mulleres "

1 persoa realizou o
noso tratamento de
terapias intensivas,
1 home por
Traumatismo cráneo
encefálico

Dentro da área
de logopedia
atendéronse a 79
persoas das
cales 56 sufriran
un ICTUS"

129 persoas
atendéronse
desde
fisioterapia, as
causas foron
nun 79% ICTUS
e 9% TCE"

57 persoas
beneficiáronse do
servizo de
transporte
adaptado no 2025".



Dano Cerebral Estatal está composta por 46 entidades de familias e persoas con dano cerebral.

Estas entidades representan en conxunto a 12.000 persoas, das que, máis do 50%, están afectadas por DCA

A nivel galego, formamos parte de Dano Cerebral Galicia composta polas 5 asociacións de atención ao Dano Cerebral que hai en Galicia:

- DANO CEREBRAL A CORUÑA
- DANO CEREBRAL LUGO
- ALENTO (Vigo)
- DCA OURENSE
- DANO CEREBRAL SANTIAGO DE COMPOSTELA





AVANCE DAS OBRAS DO NOVO CENTRO DE ATENCION O DANO CEREBRAL

No 2025, A Coruña avanza con paso firme cara á apertura do novo Centro de Atención ao Dano Cerebral

A Coruña continúa a consolidar un proxecto tan necesario como ilusionante: o novo Centro de Atención ao Dano Cerebral, que encara xa a súa fase final de execución e abrirá as súas portas ao longo deste ano. Un recurso clave que dará resposta integral e especializada ás persoas con dano cerebral adquirido e ás súas familias dentro da área sanitaria da Coruña-Cee.

Tras o simbólico acto de colocación da primeira pedra celebrado en outubro de 2024, as obras progresaron de maneira constante, cumprindo cos prazos previstos e convertendo aquel primeiro xesto de esperanza nunha realidade cada vez máis próxima. Na actualidade, o centro atópase nun estado moi avanzado, ultimando os detalles necesarios para a súa posta en funcionamento.

Este novo espazo nace coa vocación de ofrecer atención multidisciplinar de calidade, centrada nas necesidades das persoas usuarias, promovendo a súa autonomía, rehabilitación e benestar, así como o acompañamento ás súas familias.

Dende a asociación, queremos expresar o noso máis fondo agradecemento a todas as institucións públicas, entidades privadas e persoas que, co seu apoio e compromiso, fixeron posible chegar ata aquí. Grazas a este esforzo colectivo, estamos cada vez máis preto de abrir as portas dun centro que marcará un antes e un despois na atención ao dano cerebral na nosa contorna.





25 ANIVERSARIO

Con motivo do noso 25 aniversario, o mércores 9 de abril de 2025 celebramos un acto conmemorativo no Paseo de O Parrote (A Coruña), no que convidamos á cidadanía a participar nunha acción simbólica: a creación dun gran “25” humano.

A iniciativa contou cunha ampla participación de persoas usuarias, familias, profesionais, voluntariado e público en xeral, que quixeron sumarse a esta celebración tan significativa. O acto desenvolveuse nun ambiente emotivo, no que se puxo en valor o camiño percorrido ao longo destes anos e o compromiso colectivo co futuro.






DÍA NACIONAL DO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

Con motivo do Día Nacional do Dano Cerebral, o 26 de outubro de 2025 organizamos unha xornada de sensibilización e participación cidadá na Praza de María Pita, en horario de 10:30 a 14:00 horas.

Durante a mañá desenvolvéronse diversas actividades deportivas e divulgativas, como deporte adaptado (tenis, esgrima, boccia e vehículos adaptados), así como unha zona de astronomía con observación solar e propostas de divulgación científica. Ademais, levouse a cabo a acción de sensibilización “Ponte no meu lugar”, que permitiu ás persoas participantes achegarse ás dificultades que afrontan as persoas con dano cerebral.



Ás 12:00 horas tivo lugar a lectura do manifesto, seguida de actuacións musicais a cargo das asociacións culturais Donaire e Son d'aquí, que contribuíron a crear un ambiente participativo e reivindicativo.



A xornada completouse coa iluminación de diversos edificios e espazos emblemáticos a partir das 21:00 horas, como a Fonte de Catro Camiños, o Castelo de Santa Cruz, a Igrexa de Santa María e paraugas de Cambre, e a Torre de Cela en Culleredo, co obxectivo de dar visibilidade a esta realidade e reforzar o compromiso social co dano cerebral.



SARDIÑADA

Así vivimos a nosa sardiñada 2025 en Dano Cerebral A Coruña, unha xornada de convivencia celebrada no Centro Cívico O Noso Lar (Culleredo), na que participaron persoas usuarias, familiares e profesionais.

Foi un día pensado para compartir, rir e gozar en comunidade, reforzando os lazos entre todas as persoas que forman parte da entidade. A xornada estivo acompañada de música en directo e dunha excelente degustación de sardiñas, que contribuíron a crear un ambiente festivo e participativo.

Dende a entidade queremos agradecer a colaboración de todas as persoas e entidades que fixeron posible esta actividade, cuxo apoio resulta fundamental para seguir promovendo espazos de inclusión, convivencia e benestar.



CARNAVALES

O Entroido en Casa Celia

Como cada ano, en Dano Cerebral A Coruña celebramos o Entroido cun cocido en Casa Celia.

Un día no que persoas socias, usuarias e profesionais nos xuntamos arredor da boa comida, dos disfraces e de moitas risas.

Grazas a Gadis Supermercados, Froitas Edelmiro e Carnicería Javier Cañas pola súa colaboración.



VISITA AO MUSEO DE BELAS ARTES

Fomos de excursión e gozamos dunha visita ao Museo de Belas Artes da Coruña.

Un percorrido cheo de arte, historia e momentos especiais que nos permitiron aprender, compartir e, sobre todo, gozar dunha xornada diferente.

Porque o lecer e a cultura son fundamentais para o benestar e a inclusión social.



SAÍDA DE OCIO A LAXE

No mes de xullo persoas usuarias, socias e familiares de Dano Cerebral A Coruña gozamos dunha xornada moi especial, combinando historia, natureza e convivencia.

Visitamos o Dolmen de Dombate cunha divertida visita teatralizada, ademais do museo, e continuamos o día en Laxe, cun paseo polo porto e o paseo marítimo. A xornada rematou cunha comida compartida, chea de bos momentos e compañía.



EVENTOS SOLIDARIOS A FAVOR DE DANO CEREBRAL A CORUÑA

A velada de boxeo solidaria do 10 de maio no Polideportivo do Barrio das Flores foi todo un éxito, reunindo a numeroso público nunha xornada de deporte e solidariedade.

Dende Dano Cerebral A Coruña queremos agradecer a organización do evento e a doazón de parte da recadación, así como a implicación de todas as persoas asistentes e colaboradoras. Unha iniciativa que puxo en valor o poder do deporte para unir e dar visibilidade ao dano cerebral.



TENDA SOLIDARIA ESPAZO +60 AFUNDACIÓN

Do 29 de abril ao 30 de maio, Afundación organizou en A Coruña a súa Tenda Solidaria no Espazo +60, unha iniciativa coa que a cidadanía puido colaborar con unha causa solidaria.

Na tenda ofrecíanse produtos artesanais elaborados con moito agarimo por voluntarias e voluntarios do taller solidario, e toda a recadación foi destinada a Dano Cerebral A Coruña, contribuíndo a apoiar ás persoas con dano cerebral adquirido e mellorar a súa calidade de vida.



VISITAMOS O CITIC

Visitamos o CITIC para experimentar con novos escenarios de realidade virtual.

As persoas usuarias puideron realizar tarefas como facer a compra nun supermercado virtual, traballando habilidades como a marcha, o equilibrio, a manipulación de obxectos, a memoria e a planificación.

Estas tecnoloxías supoñen un importante avance na rehabilitación e contribúen a crear ferramentas máis inclusivas grazas á participación de diferentes colectivos.



PRESENTACIÓN DE KURACY

Recibimos no noso centro a Impúlsame, que nos presentou Kuracy, un software innovador que emprega a realidade virtual como ferramenta terapéutica para persoas con dano cerebral.

Kuracy permite traballar a mobilidade dos membros superiores mediante actividades da vida cotiá en contornos virtuais e incorpora un módulo cognitivo para estimular a atención, a memoria, a concentración e a linguaxe.

Desde hai meses colaboramos na súa posta en práctica coas nosas persoas usuarias, avaliando a súa utilidade en rehabilitación. Durante a visita tamén se realizou formación para profesionais e intercambio de ideas para seguir mellorando a ferramenta.

Desde Dano Cerebral A Coruña agradecemos a súa visita e seguimos apostando pola tecnoloxía ao servizo da rehabilitación.



A nivel organizativo, distínguese entre a dirección e o equipo de traballo interdisciplinar.

A Dirección encárgase de liderar o equipo profesional que leva a cabo a atención directa e a prestación de servizos. É o punto de ligazón entre a Xunta Directiva e o equipo profesional.

O equipo de traballo é o encargado da atención directa, trátase dun equipo interdisciplinar formado por neuropsicólogas, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadora social, aux.de enfermmería, técnica de animación sociocultural, educadora social, condutores e persoal de comunicación e recepción

Ademais da organización e equipo técnico, tamén contamos con 1 persoa voluntaria que participaron nas nosas actividades e servizos ao longo do 2025.


46

PROFESIONAIS DE DIVERSAS DISCIPLINAS TRABALLARON EN DANO CEREBRAL A CORUÑA DURANTE 2024

480


PERSONAS AFECTADAS FORON ATENDIDAS O ANO PASADO DAS CALES 277 FORON HOMES E 203 FORON MULLERES, A MEDIA DE IDADE FOI DE 71 ANOS

Número de usuarios en 2025 por idade e sexo



As persoas socias son a razón de ser de DANO CEREBRAL A CORUÑA. Ao redor diso, viran os servizos e actividades realizadas. Durante o ano 2025 contamos con 564 socios/as, dos cales 349 son afectados por DCA, 157 son familiares, 45 son colaboradores e 13 son empresas

Tipo de dano cerebral



Das principais causas de dano cerebral das persoas socias afectadas, destacamos que o 70% é por mor dun ICTUS, o 9% foi traumatismo cranioencefálico, o 5% foi por tumor cerebral e o 16% restante foi por outras causas.



El Ideal Gallego

Afundación inaugura su tienda solidaria en beneficio de ADACECO en A Coruña

El pasado de O Parrote acollía ayer el acto conmemorativo por el 25 aniversario de la Asociación Dano Cerebral de A Coruña (Adaceco), en el que participaron el alcalde, Iñaki Rey, además del presidente de la entidad, Juan Luis Delgado, quien aseguró que "vamos a seguir peleando por la financiación de las administraciones".



El Ideal Gallego

«Necesitamos una ayuda puntual urgente para el nuevo centro de Eiris»

Dano Cerebral de A Coruña (Adaceco) urge a los ayuntamientos para que financien el nuevo centro de Eiris, un edificio que se encuentra en las inmediaciones de la sede actual en A Zapalá. El presidente de la asociación, Juan Luis Delgado, explicó que el proyecto tiene un coste de 1,2 millones de euros y que se necesita una ayuda puntual para poder avanzar.

A media mañana, cientos de personas formaron un número 25 gigante en la explanada del Paseo, una acción simbólica concebida para visibilizar "los años de lucha y perseverancia de la asociación, de los pacientes y de sus familias y allegados, también los avances alcanzados a lo largo del camino", expresó por su parte Nereida Canosa.



La Opinión A Coruña

«Estamos en 172 usuarios y tenemos 120 donantes»

El presidente de la Asociación Dano Cerebral de A Coruña, Juan Luis Delgado, ha informado de que la entidad cuenta actualmente con 172 usuarios y 120 donantes. Delgado destacó el compromiso de la asociación y la importancia de seguir trabajando para mejorar la atención a los afectados por un daño cerebral adquirido.



La Opinión A Coruña

Trump impone aranceles del 20% a los productos de la UE, que estudia su respuesta

El presidente de la Asociación Dano Cerebral de A Coruña, Juan Luis Delgado, ha informado de que la entidad cuenta actualmente con 172 usuarios y 120 donantes. Delgado destacó el compromiso de la asociación y la importancia de seguir trabajando para mejorar la atención a los afectados por un daño cerebral adquirido.



El Ideal Gallego

Adaceco: 25 años ordenando vidas

El presidente de la Asociación Dano Cerebral de A Coruña, Juan Luis Delgado, ha informado de que la entidad cuenta actualmente con 172 usuarios y 120 donantes. Delgado destacó el compromiso de la asociación y la importancia de seguir trabajando para mejorar la atención a los afectados por un daño cerebral adquirido.



La Opinión A Coruña

La vida después de un ictus al filo de los 50: «Te cambia la perspectiva»

Ángel Lorenzo y Patricia Barreiro sufrieron accidentes cerebrovasculares con 51 y 47 años. Cuentan cómo es su día a día desde entonces y cómo afrontan la recuperación.



La Opinión A Coruña

Deporte adaptado, astronomía, música y reivindicación en María Pita

El presidente de la Asociación Dano Cerebral de A Coruña, Juan Luis Delgado, ha informado de que la entidad cuenta actualmente con 172 usuarios y 120 donantes. Delgado destacó el compromiso de la asociación y la importancia de seguir trabajando para mejorar la atención a los afectados por un daño cerebral adquirido.



La Opinión A Coruña

Adaceco obtiene licencia para su nuevo centro en A Coruña

D. GARCÍA A Coruña / La Voz



La Opinión A Coruña

El espacio de atención integral dará cabida a sus más 150 usuarios

07 Aug 2024 Actualizado a las 05:00h.




La Opinión A Coruña

La Asociación de Dano Cerebral Adquirido de A Coruña (Adaceco) está de enhorabuena. Su proyecto para crear un nuevo centro de atención integral con el que dar un servicio más completo a sus más de 150 usuarios recibirá esta primavera luz verde.

Adaceco celebra su cuarto de siglo y reclama "la financiación de las administraciones"

DANI SÁNCHEZ A CORUÑA

Durante el acto, Delgado puso en valor la labor de una entidad que lleva ya hoy en el pasado sus primeros años en un pequeño local ubicado en San Diego, antes de trasladarse en 2009 al que es su local actual, en A Zapalá. No obstante, el gran incremento de socios para las pequeñas instalaciones actuales hizo que la entidad pasara la vista en trasladarse a un centro nuevo, que corresponde a una parcela cedi-



celebraron los 25 años de la entidad. J. ALBORÉS / La Asociación Dano Cerebral celebra 25 años en A Coruña. Junta de Galicia

La Opinión A Coruña



Adaceco, el lugar que 'ordena' vidas desde hace 25 años en A Coruña

La Voz de Galicia

Después de tres meses por 1€ al mes. Quiero la oferta.


SOS de Adaceco en su 25 aniversario para impulsar su nuevo centro en Eiris, en A Coruña



T. RIVAS A CORUÑA

El presidente de la Asociación Dano Cerebral de A Coruña, Juan Luis Delgado, ha informado de que la entidad cuenta actualmente con 172 usuarios y 120 donantes. Delgado destacó el compromiso de la asociación y la importancia de seguir trabajando para mejorar la atención a los afectados por un daño cerebral adquirido.

Juegos, música y deporte por la inclusión en el Día del Dano Cerebral



LA VOZ A CORUÑA / LA VOZ

Juan Luis Delgado, presidente de Adaceco, fue el encargado de leer un manifiesto titulado 30 años construyendo dignidade.

Juan José sufrió un ictus: «El dolor que sufres es moral, porque nunca vuelves a ser el mismo»



CINTHYA MARTÍNEZ A CORUÑA / LA VOZ

Patricia Barreiro, en las instalaciones de Dano Cerebral de A Coruña. (Carla Parra)

Celebración del Día del Dano Cerebral Adquirido en A Coruña

Música y deporte acompañaron el acto reivindicativo. Javier Alborés

En portada



La Opinión A Coruña

La simbólica mano en la cabeza de A Coruña para apoyar a los pacientes con daño cerebral adquirido

Redacción

La vida después de un ictus al filo de los 50: «Te cambia la perspectiva»



La Opinión A Coruña

Deporte adaptado, astronomía, música y reivindicación en María Pita

El presidente de la Asociación Dano Cerebral de A Coruña, Juan Luis Delgado, ha informado de que la entidad cuenta actualmente con 172 usuarios y 120 donantes. Delgado destacó el compromiso de la asociación y la importancia de seguir trabajando para mejorar la atención a los afectados por un daño cerebral adquirido.

Adaceco obtiene licencia para su nuevo centro en A Coruña

D. GARCÍA A Coruña / La Voz

El presidente de la Asociación Dano Cerebral de A Coruña, Juan Luis Delgado, ha informado de que la entidad cuenta actualmente con 172 usuarios y 120 donantes. Delgado destacó el compromiso de la asociación y la importancia de seguir trabajando para mejorar la atención a los afectados por un daño cerebral adquirido.

Mari Luz R. Chans | "Me agaché, sentí un dolor y mi vida cambió para siempre: era un aneurisma"



LUCIA TEIXEIRA

El presidente de la Asociación Dano Cerebral de A Coruña, Juan Luis Delgado, ha informado de que la entidad cuenta actualmente con 172 usuarios y 120 donantes. Delgado destacó el compromiso de la asociación y la importancia de seguir trabajando para mejorar la atención a los afectados por un daño cerebral adquirido.

«Con 26 años me daban por muerta, ciega y sin memoria»

ALICIA SÁNCHEZ MARTÍNEZ

El presidente de la Asociación Dano Cerebral de A Coruña, Juan Luis Delgado, ha informado de que la entidad cuenta actualmente con 172 usuarios y 120 donantes. Delgado destacó el compromiso de la asociación y la importancia de seguir trabajando para mejorar la atención a los afectados por un daño cerebral adquirido.

INGRESOS**ORGANISMOS PÚBLICOS 252.685**

XUNTA DE GALICIA

DIPUTACIÓN

AYUNTAMIENTOS

SUBVENCIONES 19.950**DONATIVOS 1.535****INGRESOS FINANCIEROS 2.553****INGRESOS PROPIOS 751.290**

CUOTAS TERAPIAS 691.924

CUOTAS SOCIOS 59.366

INGRESOS EXTRAORDINARIOS 1.399**PÉRDIDAS 11.064****GASTOS****GASTOS DE PERSOAL 814.682****SERV. EXTERNOS ESPECIALIZADOS 193.372****GASTOS FINANCIEROS 3.435****AMORTIZACIONES 25.956****GASTOS DE PERSOAL 52****TOTAL 1.037.499****TOTAL 1.037.499**



2025

MEMORIA

ASOCIACIÓN DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

CONVENIOS DE COLABORACIÓN



Convenio polo que ambas as entidades prestan apoio na difusión e execución de actividades no ámbito da educación sanitaria



Convenio relativo a condicións especiais no Servizo de Teleasistencia domiciliaria para os nosos asociados/as



Plan estratéxico de comunicación e difusión



Convenio relativo a intervención asistida con cabalos.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Convenio de realización de prácticas académicas externas curriculares para estudantes da facultade de Ciencias da Educación



Convenio de realización de prácticas externas de alumnado procedente das titulacións da Facultade de Psicoloxía



Convenio polo que ambas as entidades prestan apoio na difusión e execución de actividades.



Convenio polo que ambas as entidades prestan apoio na difusión e execución de actividades.




Convenio de colaboración en terapias rehabilitadoras para nenos con DCA

ENTIDADES COLABORADORAS



EMPRESAS COLABORADORAS



- PROCAR RECAMBIOS
- CAO CALVO S.A.
- THERMOPOLIUM S.L.
- ABOGADO ADRIÁN VILLAR
- TEINNOVA INTERIORISMO S.L.